

Belén Bermejo

MULLER, MÚSICA E FEMINISTA?

XORNADA

MERCEDES GOICOA: MÚSICAS, PARA VIVIR

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 25 de outubro de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

XORNADA MERCEDES GOICOA: MÚSICAS PARA VIVIR

MULLER, MÚSICA E FEMINISTA?

María Belén Bermejo López,

Xurista, música e produtora musical

Aló polo mes de maio recibín unha chamada da querida Alba María na que se me convidaba a participar nunha xornada organizada pola comisión de igualdade do Consello da Cultura Galega. Nesa comisión, eu debía aportar datos desde unha óptica persoal, pero tamén desde unha perspectiva crítica ou analítica, sobre a realidade das mulleres no mundo da música na actualidade.

Coincidiu este convite coa presentación dun informe do que fun autora por encargo da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) e a asociación Mulleres da Industria da Música (MIM), que contou co apoio da Deputación da Coruña e que deu lugar ao documento “Cara as lentes violetas na música”. Ese texto foi presentado o 19 de maio de 2018 no Teatro Colón, no marco da xornada “Mulleres e Música”, promovida pola Deputación da Coruña, dentro do programa “A cultura é un dereito”¹. Polo tanto, debo dicir que as miñas aportacións á xornada de hoxe beben en grande medida dese esforzo de redacción do devandito informe, pois para min

¹ O documento pódese consultar en http://culturagalega.gal/imaxes/edicion/Cara_as%20lentes%20violetas_na_musica.pdf.
Data de publicación 28 .05.18, data de consulta 16.10.18.

supuxo, logo de moitos anos de exercicio profesional no mundo da música desde diferentes perspectivas, unha primeira toma de conciencia e exercicio de reflexión sistemática sobre algunhas cuestións que me viñan preocupando a nivel persoal - froito da miña experiencia laboral -, pero que, na maioría das ocasións, non tivera oportunidade de comentar en foros especializados, nin sequera na intimidade.

Perante unha das primeirísimas tarefas que implicaba a miña participación nesta xornada, a de poñer título ao meu relatorio, e tal vez como resultado dese traballo de reflexión sistemática, que fun facendo durante os últimos meses sobre a situación da muller na música desde unha perspectiva de xénero, só me viñan á cabeza tres palabras, que eran as que eu tiña que combinar, porque condensaban os contidos dos que tiña pensado falar: muller, feminista, música. Pero, dalgunha maneira, non podía empregalas de calquera xeito sen medo a falsear a realidade; por iso, a unha primeira formulación de ton enunciativo, acabei engadindo un interrogante ao final, pois, así, podía resumir e manifestar mellor as miñas dúbidas e conclusións ás que cheguei a respecto da medida en que se pode ser muller, feminista e música. Tentarei explicarme.

O primeiro dos termos atinxe á miña condición de muller, algo que debe ir en primeiro lugar, apenas por orientar o enfoque e carga de subxectividade en toda a análise que aquí pretendo facer. Agora ben, partindo da miña condición de muller, é preciso valorar en que medida dita condición combina cos outros calificativos cando os tres pretenden ir xuntos. Parto, por tanto, dunha pregunta feita desde unha óptica puramente persoal e subxectiva, que semella responder a cuestións máis de tipo ideolóxico e subxectivo; pero esta pregunta vaime permitir emprender a análise, aínda que sexa moi por riba, de cuestións máis xenéricas que afectan ás mulleres que se moven no mundo da música, no noso contexto sociocultural e no noso tempo.

Son muller, vivo da música, son feminista. E son feminista no sentido dun feminismo que pretende a inclusividade, que contempla múltiples identidades femininas, que pon o énfase en explorar as

diferentes identidades e promove cambios sociais que teñan en conta esas diferenzas, culturas e enfoques das mulleres². A cuestión que quero por de manifesto aquí é en que medida cabe ser as dúas cousas e, ademais, dedicarse á música.

Ser feminista é, na miña opinión, unha calidade transversal, igual que a de ser muller; ése ambas as dúas cousas as 24 horas do día, en calquera situación ou circunstancia, sexa cal for o contexto, e afecta a todas as facetas da vida. Pódese ser muller e ser feminista ou non; incluso mulleres non feministas poden ter rasgos ou comportamentos que validan as teses feministas, aínda que sexa de maneira non consciente ou de maneira circunstancial, pero se unha se define como muller e feminista non é posible selo a tempo parcial ou en función das circunstancias. Unha muller feminista éo a tempo completo e de maneira consciente. As dúas condicións adáptanse a unha á outra, dun xeito case natural e sen estridencias, e a ninguén lle chamaría demasiado a atención que alguén se definise como muller e feminista. Pero que acontece cando queremos engadir un terceiro termo ao enunciado e á definición que quixen facer de min mesma? Até que punto esa naturalidade coa que me definía como muller e feminista se ve alterada pola introdución dun novo termo, que se sae da propia condición como persoa ou do ámbito ideolóxico para entrar no do ámbito profesional?

Pois ben, ese terceiro termo do título do relatorio, o de música, na miña opinión, introduce outro tipo de connotacións que fan que esa definición de min mesma que quería facer no título xa non se adapte como unha luva, sen máis, porque é posible que, desde fóra, custe entender que unha muller coma min, poida ser feminista e que, ademais, se dedique á música. De aí o interrogante ao final do título. É aquí onde quero determe, pois penso que os estereotipos, veñan de onde veñan, son algo que se debe combatir.

² Tomo prestada por sintética e ilustrativa do que aquí quero dicir, a definición que fai Marilar Aleixandre das vías que se abriron no feminismo coa chamada “terceira onda”, iniciadas nos anos 90 e que se moven entre os conceptos de feminismo da igualdade e da diferenza (ALEIXANDRE, M., “As voces das mulleres”, *Revista Grial*, n° 210, 2016, p. 14).

No ámbito da música tense avanzado algo neste sentido. A ruptura de estereotipos está permitindo que as mulleres se empoderen para estar cada vez máis presentes en ámbitos habitualmente reservados aos homes, aínda que queda moitísimo camiño por percorrer, se o compararmos con outros ámbitos da vida social. As estatísticas así o demostran³. Mais a cuestión é que, a afirmación de que son muller, feminista e música pode sorprender se nos guiarmos polos estereotipos máis comúns, tendo en conta que traballo nun ámbito da música no que a condición de muller parece quedar prexuízada en función dun modelo feminino que semella estar inhabilitado para “militar” en certo tipo de ideoloxías ou loitas por determinados dereitos⁴.

E para tratar de explicarme ao fío dun exemplo palpable, vou botar man, sen ir máis lonxe, da propia concepción destas xornadas nas que, vaia por diante, me sinto enormemente honrada de participar, pois agradezo, e moito, que se tivera en consideración a miña presenza aquí. Neste sentido, volvo unha vez máis a miña ollada de agradecemento a Alba María, quen pensou en min para estar comunicando hoxe aquí sobre un tema que me preocupa e motiva especialmente. Pero volvamos ao tema para evidenciar ou exemplificar o que quero dicir.

Primeiramente contextualicemos a xornada a través do seu título “MERCEDES GOICOA: MÚSICAS, PARA VIVIR”. Mercedes Goicoa é unha muller que desenvolveu unha traxectoria

³ Aínda que son escasísimas e moi fragmentarias as fontes, sirvan como exemplo os datos que ofrecen algúns estudos sobre a presenza feminina nalgúns dos festivais máis relevantes a nivel estatal, como o elaborado pola Asociación Mujeres y Música (https://docs.google.com/spreadsheets/d/1P43cDI0KW_35TNHSQYciXZUB-VbNOtrObP9zU6pc54o/edit#gid=319013160); o Informe 2017 de l'Observatori Cultural de Gènere, no que colabora tamén a asociación Mujeres en la Industria de la Música, ou o *Anuari de la Música 2017* (<http://www.enderrock.cat/noticia/15277/assignatures/encara/pendents/musica/viu>), editada pola l'Associació Professional de Representants, Promotors i Mànagers de Catalunya (ARC) e o Grup Enderrock, que fornecen datos sobre a presenza de mulleres en festivals no ámbito catalán. Estes datos dan conta da infrarepresentación das mulleres nunha parte, se ben con moita visibilidade, do sector da música, como son as programacións en festivals.

⁴ Resulta interesante, para centrar este relatorio, incorporar aquí as reflexión que fan Saleta de Salvador e Iolanda Martínez sobre as identidades nos medios de comunicación, identidades ás que atribúen un valor esencial para os individuos no sentido de outorgarlles un plano de situación no espazo, de xeito que os grupos minorizados se moverían nun non-espazo incómodo, deseñado polos grandes grupos de poder político e económico. Así, determinados grupos (e traslado a reflexión a grupos dentro de grupos, xa de por sí minorizados como é o das mulleres) son invisibles porque non están no discurso dos medios ou das institucións, que son os que definen o que é “normal”, mediante a construción dunha identidade colectiva concreta, e esa identidade é fundamental para coñecernos, recoñecernos e que nos recoñezan. Pero esa mesma identidade, e aí é onde quero chegar, non pode responder a un estereotipo imposto desde fóra que leve a certo tipo de mulleres a un non-lugar, polo feito de non concordar con certos elementos deses modelos “normalizados” (véxase DE SALVADOR AGRA, S. e MARTÍNEZ SUÁREZ, I., “As identidades no xogo dos espellos mediáticos, *Revista Grial*, n°210, 2016, p. 20).

profesional vencellada á música clásica. Profesora Superior de Piano polo Real Conservatorio de Música de Madrid, estudou con mulleres e homes de renome, tanto da Península coma do resto de Europa, o que avala unha profunda e rigorosa formación como docente, pianista e concertista. Situámonos perante unha das mulleres abandeiradas da música clásica (e poño o acento nesta expresión, “música clásica”) en Galicia. Unha muller que, seguramente foi pioneira, como tal, en moitos máis ámbitos dos que pensamos (desde o familiar ao profesional ou o social), non só porque destacou nun ámbito, como en tantos outros, no que para unha muller resulta sempre máis difícil sobresaír por riba dos homes, senón porque, ademais, o fixo en tempos nos que as mulleres tiñan, e isto hai que recordalo sempre, os seus dereitos moi diminuídos.

Paralelamente, ollando con detalle os contidos da xornada, observamos que a representación da música clásica, á marxe da conexión que poida ter a homenaxeada con este mundo, e que coa súa soa presenza podería xustificar calquera outra ausencia, a representación da música clásica, repito, lonxe de ter o protagonismo da xornada, é practicamente simbólica. A primeira vista semella coma se, ser muller e adicarse á música clásica estivese demasiado lonxe dun certo estereotipo de muller que loita polos seus dereitos, ficando tamén lonxe dos fins e cometidos desta comisión do Consello da Cultura Galega, de maneira que é preciso sobrerrepresentar outros ámbitos da música máis afíns, se cadra, aos propósitos desta xornada.

Polo tanto, e volvendo ao título do relatorio, muller, música e feminista? pode que sí, pero, entra dentro dese campo semántico a muller música que fai música clásica? non nos estaremos deixando levar por clichés e obviando minorías no propio proceso de defensa dunha minoría? non estaremos loitando por un feito diferencial que non contempla diferenzas?⁵.

⁵ Expresión, esta última, tomada de Victoria Sendón de León en “¿Qué es el feminismo de la diferencia? (Una visión muy personal)”, data de redacción: 2000, publicado en *Mujeres en Red. El periódico feminista*, http://www.mujaresenred.net/IMG/article_PDF/article_a1985.pdf, Data de consulta 14.10.18.

Dunha análise puramente estatística do cartel da xornada podemos obter algúns datos máis que avalan o que estou a expresar.

_ De 18 nomes que contabilizo, 4 son homes e 14 mulleres.

_ Un deles é o encargado do relatorio inaugural, dous moderan mesas nas que participan mulleres e o cuarto participa como intérprete, sendo ademáis o único intérprete das xornadas que representa o mundo da música clásica.

_ Das 14 mulleres convocadas a este acto tan só tres mulleres (se excluimos a propia homenaxeada), pertencemos ao ámbito da música clásica. O resto pertencen, ben a ámbitos que nada teñen que ver coa música, no caso das mulleres presentes por razón do cargo institucional que representan (presidenta do Consello da Cultura, coordinadora e técnica da sección de iguadade), ou ben pertencen a ámbitos que, respondendo a estereotipos máis ou menos consolidados no ámbito cultural galego, parecen casar mellor cun suposto feminismo, pero que nada teñen a ver coa música clásica.

Destes datos dedúcese claramente unha notoria infrarrepresentación por parte da música clásica, coma se esta non casase ben cunha análise feita desde unha perspectiva de xénero. Dito doutro xeito, procedendo como procede a homenaxeada deste concreto ámbito, resulta cando menos sorprendente que, nunhas xornadas que tratan de enfocar o papel da muller na música desde unha perspectiva de xénero, as “músicas clásicas” esteamos en franca minoría. Como se se predicase unha concepción case naturalista ou esencialista de certo tipo de mulleres, semellante á concepción que da muller se tiña na época da Ilustración (plasmada posteriormente no Código Civil Napoleónico de 1804), segundo a cal todas somos suxeitos de dereitos, pero unhas circunscritas á órbita do que se entende por cultura e outras circunscritas á órbita do que pertence á natureza, unhas predestinadas a liderar movementos liberadores (as rockeiras) e outras a cultivar o xardín

das musas (as intérpretes de repertorios máis clásicos), o que remata derivando nunha certa inferioridade “natural” das segundas⁶.

Polo tanto, muller e feminista si, ademais música, pode que tamén, pero, música e ademais clásica? parece que non tanto. Atrévome a afirmar que, cando se pensa nunha muller feminista no ámbito da música é para poñerlle entre as mans unhas baquetas ou un baixo eléctrico nunha banda de rock, deixando fóra unha enorme diversidade de mulleres que, de maneira progresiva, se están vendo excluídas do clube. E como dixen ao principio, é preciso acabar cos estereotipos e non fomentalos, para validar a presenza de modelos diferentes, de mulleres diferentes e condición diferente en todos os ámbitos da vida social e cultural. É un dos camiños para a igualdade efectiva na que acredito, pero, a forza de romper clichés, pois non vaia ser que vaíamos creando outros, sen reparar niso. Todas, cada unha desde súa singularidade e sen renunciar á súa identidade, temos que ser tidas en conta para a construción dunha sociedade máis igualitaria e non segregada en ámbitos onde a segregación, por razón de xénero, xa é mais que preocupante.

E é preocupante á luz do que levo visto, vivido e padecido ao longo de quince anos dedicada profesionalmente á música. Antes fun profesora da universidade e procedo do ámbito xurídico, son doutora en dereito e teño que dicir que, en todos estes ámbitos polos que fun transitando, sufrín discriminación, tendo que loitar, máis ou menos en silencio, con máis ou menos apoio, incluso das persoas máis achegadas. A opresión da muller está tecida as máis das veces con fíos invisibles e difíciles de evidenciar e validar socialmente.

No mundo da música, en relación ao mundo xurídico e universitario, aínda que vivín episodios de discriminación e desconsideración como muller, teño que dicir que eses episodios non foron tan severos, tal vez porque fun acumulando suficiente idade e tamén experiencia como para sufrir

⁶ Unha especie de segundo sexo dentro do segundo sexo, no sentido do termo empregado por Simone de Beauvoir na obra que leva o mesmo título, publicada en 1949.

agravios como os que estaba disposta a sufrir con vinte e poucos anos. Pero si levo observado, ao longo de todos estos anos de exercicio profesional no mundo da música, que son moitos os obstáculos que a muller ten que superar para situarse ao nivel do home e xa non digamos para sobrepasalo⁷.

Por poñer un exemplo: con moita máis frecuencia da desexada, nun case 90% dos casos, cando me carteo con colegas no estranxeiro, e xa que Belén non é un nome do que se poida extraer un xénero concreto, estes ou estas diríxense a min como Sr. Mr, Herr ou semellantes, pensando que un posto da miña responsabilidade, en principio, vai ser desempeñado por un home.

As mulleres somos moitas veces as que traballamos na sombra, concibimos as ideas, os proxectos, a xenialidade está en nós, pero no capítulo da comunicación non temos nada que facer. Levo observado moi de cerca como os homes rematan acaparando o protagonismo en proxectos nos que non deixaban de ser meros convidados, proceso moitas veces provocado polas propias mulleres, as cales, aplicando certo pragmatismo, entregan os seus proxectos aos homes, porque saben que así estarán máis avalados e saíran máis facilmente adiante. Teño coñecido mulleres moi competentes en ámbitos moi especializados da música que, cando se lles deu a oportunidade de visibilizar o seu traballo, decidiron voluntariamente diluílo nunha colaboración con outros intérpretes de sexo masculino, que remataron por acaparar toda a atención. A procura dunha presenza masculina faise

⁷ É certo que pode parecer, a simple vista, que a presenza da muller no campo da música, e sobre todo da música clásica, está algo máis normalizada, especialmente no terreo da execución musical e docente, se ben isto tamén depende das áreas específicas obxecto de mostra. Aínda así, proliferan no ámbito da música outro tipo de discriminacións, determinadas pola asignación de papeis por tipoloxías que se consideran axeitadas ou non para unha muller (xeralmente vocalista ou intérprete de determinados instrumentos tradicionalmente asociados á muller) e, sobre todo, en función da relevancia dos postos desempeñados na xerarquía da cadea de produción musical, recaendo habitualmente os papeis de maior responsabilidade, visibilidade ou recoñecemento social sobre o home. Este tipo de segregación, chamada segregación vertical, provoca que as mulleres partan con desvantaxe á hora de liderar unha formación musical, de figurar como directora dunha orquestra, de dirixir un festival, unha discográfica ou unha produtora, e que estas teñan que conformarse co papel de distribuidora, co desempeño de pequenos traballos de comunicación, ou postos moi básicos de produción non decisorios. Os postos de responsabilidade son asumidos de xeito “natural” e habitual por homes, que gozan dunha maior “autoridade” polo simple feito de seren tales. E o máis alarmante, se descendermos no estudo dos diferentes tipos de mulleres, atoparemos aínda diferentes graos de segregación. Así sucede, por exemplo, coas mulleres en función da idade, que sofren un grao aínda maior de marxinación na industria musical, ou determinados tipos de mulleres, que tampouco atopan acomodo nos estereotipos lanzados polos movementos en defensa das propias mulleres, como é o caso que estamos a comentar neste relatorio.

cun afán de valorizarse a si mesmas, o que vén a ser o mesmo que recoñecerse incapaces de liderar o seu proxecto sen un home que o avale.

É a chamada “interiorización da inferioridade”, que se une ao feito de que a sociedade tamén demostra certa tendencia a ser máis severa na crítica coas mulleres (no ámbito da execución musical as mulleres son olladas con lupa naquilo que aos homes se lles dá por normal e disculpable) e ao feito de que as mulleres teñen certa tendencia a seren moito máis críticas e rigorosas consigo mesmas e parcas nos autoeloxios. Todo iso fai que, en moitos casos, as mulleres non se sintan capaces de dar un nivel moi por riba do que se marcaría un home nas mesmas circunstancias. Con frecuencia, para a muller, semella unha quimera recibir un só bo comentario, fóra dos manidos “estás guapísima” ou “que voz tan bonita tes”. Os parabéns de corte intelectual van para os homes, a nós agasállannos con comentarios na órbita do estético.

A todo isto hai que engadir o feito de que, no ámbito da música, e debido a que unha reflexión de xénero está a chegar de xeito tardío, a situación de desigualdade home-muller é asumida con certa normalidade, a diferenza doutros ámbitos onde a lexitimación da loita pola igualdade é moito maior e onde xa non resulta aceptable que se segregue as mulleres en razón do tipo/relevancia do posto en cuestión. E o que é máis significativo, que non se cuestionen certo tipo de desigualdades no ámbito da música afecta, as máis das veces, por igual a homes e a mulleres. Esta circunstancia é síntoma de que a igualdade debe remover aínda moitas ideas preconcebidas cando nos referimos á música.

Podería seguir afondando en múltiples exemplos de episodios de discriminación da muller no ámbito da música vividos ao longo de anos de exercicio profesional, pero tamén é certo que no contexto musical galego están a nacer importantes movementos ou correntes de corte feminista moi presentes en programacións e medios de comunicación. Penso que, en certo modo, si se está a fomentar desde certas instancias e desde o tecido musical mesmo, a progresiva presenza de

mulleres en cada vez máis ámbitos dentro dos diferentes estratos do sistema musical, e que incluso se está deixando de ver a desigualdade como algo natural para ser algo que se debe combatir.

Agora ben, volvendo ao tema de saída, muller, feminista e música? pois depende do tipo de música que fagamos, da roupa que vistamos, até da idade que acumulemos, como se houbera que salvar aínda máis prexuízos dos que parecía, os propios dunha sociedade patriarcal, e os construídos no seo do feminismo que levan á construción doutros "esencialismos" que lonxe de liberarnos, o único que conseguen é confirmar unha sorte de asignación dun xénero que nos vén imposto e que elimina calquera indicio de diferenza. Velaí algo que tampouco debemos obviar.

Moitas grazas.

(Compostela 16 de outubro 2018)